

Prezada comunidade:



Con moita satisfacción soplamos as velas xusto antes do comezo do Nadal. ECOBAS cumpliu nesas datas catro anos de percorrido como Centro de Investigación Interuniversitario, completando o primeiro mandato do Consello Reitor baixo a presidencia de **Manuel Reigosa Roger**, reitor da UVigo. Queremos aproveitar estas liñas para agradecerlle, de xeito moi agarimoso, todo o apoio amosado a ECOBAS dende o inicio deste camiño, sempre presente en cada paso adiante que demos.

De volta, arrancando o 2026, tal como establece o convenio de creación do noso centro interuniversitario, a dinámica rotatoria establecida para a presidencia do Consello Reitor corresponde durante aos vindeiros catro anos ao reitor da Universidade da Coruña, **Ricardo Cao Abad**, segundo acordo establecido no seo do máximo órgano de goberno do Centro.

Chegamos aquí con moitos deberes feitos, e tamén co orgullo de ter acadado en tan curto espazo de tempo a acreditación como **centro colaborativo da Rede CIGUS** de excelencia investigadora. Asumimos con paso firme un novo percorrido, agora *na senda da excelencia*, coa máxima ilusión e empeño por conseguir que ECOBAS ocupe un lugar de seu, como membro de pleno dereito, desta superestrutura da investigación universitaria de Galicia.

Grazas a todas as persoas cantas formades parte desta viaxe, polo voso esforzo, contribución, xenerosidade e pulo. E moitas grazas tamén á nosa comunidade, que segue a crecer cada día, no convencemento de que as Ciencias Sociais merecen ser prestixiadas e visibilizadas porque son imprescindibles:

- para comprender os comportamentos das sociedades
- para abordar problemas complexos e heteroxéneos coma o desemprego, as desigualdades, a pobreza, a competitividade empresarial, o cambio climático...
- para informar e guiar as políticas públicas
- para mellorar a vida das persoas
- para velar polo futuro: traballamos pola sostibilidade económica, social e ambiental

<insert>
<2026>
<loading>

Imos aló!

AXENDA



>>> [ECOBAS DOCTORAL SEMINAR: JACOPO NICOLA BERGAMO, UVIGO](#)



XOVES
15/01
13:00h

"Towards a Non-Alienated Circular Economy: Examining Social Relations of Production through an Ecological Marxist Perspective"

- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: Vigo. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula 156.
- ONLINE: ECOBAS Academy vía Teams. **Imprescindible** [registro previo aquí](#).



>>> [RESEARCH SEMINAR: FERNANDO BRUNA, ECOBAS-UDC](#)



VENRES
16/01
12:00h

"Long-run theories, economic geography, and the European business cycle"


- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: A Coruña. ESPAZO ECOBAS no Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI) da UDC. Campus de Elviña.
- ONLINE: ECOBAS Academy vía Teams. **Imprescindible** [registro previo aquí](#).



>>> [WORKSHOP ECOBAS CLOUD: DATA SCIENCE PARA PERSOAL INVESTIGADOR](#)

MÉRCORES
21/01
De 12 a 14h

- PERSOAS DESTINATARIAS: exclusivo para persoal investigador de ECOBAS senior, posdoutoral e predoutoral.
- MODALIDADE: exclusivamente presencial.
- LUGAR: A Coruña. ESPAZO ECOBAS no Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI) da UDC. Campus de Elviña.
- Máis información e [inscricións AQUÍ](#).




>>> [JUNIOR RESEARCH SEMINAR: IULIA N. NAIDENOVA, UVIGO](#)



XOVES
22/01
13:00H

"Blockbuster Breakthroughs: Radical Innovations from Indie Developers"

- Iuliia é alumna do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial
- MODALIDADE: exclusivamente online. ECOBAS Academy vía Teams. **Imprescindible** [registro previo aquí](#).




TRANSFERENCIA E INTERNACIONALIZACIÓN



>>> O PROXECTO TIBERIUM PARA REFORZAR A DEFENSA EUROPEA SUMA NO SEU EQUIPO A DOUS MEMBROS DE ECOBAS

Fernando Bruna (UDC) e **Nailya Saifulina** (USC) forman parte do equipo galego de Social Sciences and Humanities (SCH) que ven de ser seleccionado para integrarse no consorcio europeo do proxecto TiBeRIUM, ambiciosa iniciativa que arranca este mesmo mes de xaneiro para reforzar a autonomía estratéxica e a defensa mediante materias primas críticas.



TiBeRIUM (Titanium and Beryllium for European Resilience and Innovative Mineral Utilisation) conta cun orzamento total de 8,5 millóns de euros para executar no periodo 2026–2030 no marco do programa Horizonte Europa. Integrado por 25 entidades de 12 países —Alemaña, Grecia, Chipre, Reino Unido, Noruega, España, Polonia, Bélxica, Bulgaria, Finlandia, Kazaxistán e Uzbekistán— o consorcio está coordinado pola Universidade de Minería e Tecnoloxía de Freiberg (Alemaña), unha institución de referencia internacional no ámbito dos recursos minerais.

Garantir o suministro seguro, sostible e responsable de titanio e berilio como materiais clave para aplicacións avanzadas en defensa, aeroespacio, tecnoloxías duais, industria verde e soberanía tecnolóxica é o obxectivo de TiBeRIUM.

O equipo galego, encabezado por Ricardo García Mira, investigador do CITEEC da UDC, traballará en avaliar e coordinar recomendacións en torno aos principios da UE sobre a sostibilidade dos minerais básicos, aprobados no 2021, incluíndo principios sociais, económicos e de gobernanza, e medioambientais, con perspectiva local e enfoque estratéxico europeo.

Moitos parabéns polo reto conseguido, froito dun intenso traballo desenvolvido durante o ano pasado para a preparación da proposta. Noraboa!!! 🙌

>>> PROBA DE CONCEPTO PARA O SECTOR EMPRESARIAL, EN ECOBAS

Un equipo liderado por **Luis Otero González**, investigador principal de ECOBAS na USC, será responsable de levar adiante o proxecto de proba de concepto para o desenvolvemento de IAccount, unha ferramenta de medición de impacto nas empresas.



O proxecto foi presentado á convocatoria de axudas a Proyectos de «Prueba de Concepto» 2025 da Axencia Estatal de Investigación, que financia aquelas iniciativas que aceleren a transferencia de coñecemento e resultados xenerados en proxectos de investigación, en progreso ou recentemente finalizados.

A concesión provisional foi anunciada en decembro e a contía do financiamento ascende a un total de 157.300 euros para executar no periodo 2026–2027.

Moitos parabéns a todo o equipo, que conta entre os integrantes con máis membros do equipo de investigación de ECOBAS. 🙌

TRANSFERENCIA E INTERNACIONALIZACIÓN



>>> **SILVER ECONOMY: INCLUSIÓN SOCIAL E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES** 

Mellorar a calidade de vida en áreas rurais impulsando a economía social na “silver economy” é o obxectivo do proxecto RuralSilverHubs, que conta cun equipo multidisciplinar integrado nun consorcio formado por 19 entidades de Francia, Portugal e España e liderado pola Diputación de Tarragona. A investigadora de ECOBAS **Raquel Arévalo Tomé** xunto con Maribel Doval, da Facultade de Educación e Traballo Social, son as persoas á fronte do equipo galego (UVigo).

Administracións públicas e entidades expertas en desenvolvemento territorial como a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural participan en RuralSilverHubs, que dispón dun orzamento de 948.272,81 € destinados a dinamizar as zonas rurais "articulando respostas emprendedoras para mellorar a calidade de vida da poboación maior de 55 anos", abordando tres retos comúns no espazo Sudoeste: o envellecemento, o despoboamento rural e a limitación no acceso a determinados servizos.




O proxecto, outorgado en réxime de concorrencia competitiva no marco do programa INTERREG SUDOESTE, conta co cofinanciamento da Unión Europea e estará en desenvolvemento ata finais de 2027.

>>> **TRANSFERENCIA PARA A CREACIÓN DE VALOR SOCIAL**

ANECA ven de publicar o estudo “Transferencia e intercambio de coñecemento para a creación de valor social”. O traballo, que analiza as bases conceptuais da transferencia e realiza unha revisión crítica de modelos previos, achega unha óptica adaptada á realidade do contexto actual, marcado polo fomento da valorización do coñecemento na UE.

Partindo da heteroxeneidade das relacións e interaccións entre ciencia e sociedade e co obxectivo de facilitar a identificación das actividades de transferencia para que poidan ser avaliadas como contribución individual do persoal investigador, ANECA busca ofrecer unha “ferramenta de clasificación ampla e útil” que permita reflectir para as interaccións e contribucións específicas na dinámica colaborativa que se está a impulsar dende todos os organismos nacionais e europeos.



OPORTUNIDADES DE FINANCIAMENTO



>>> AXUDAS ECOBAS Á PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS A CONVOCATORIAS EUROPEAS 2026



Esta convocatoria, dirixida ao persoal investigador adscrito a ECOBAS ofrece a oportunidade de acadar apoio para a preparación e presentación de propostas a convocatorias europeas, particularmente en programas como Horizon Europe, European Research Council (ERC) grants, Marie Skłodowska-Curie Actions, LIFE, Cohesion Fund, Digital Europe Programme, Erasmus+, COST Actions, ERA-NET, Interreg, EIC ou outros de similares características no ano 2026.

As axudas están dirixidas á contratación de servizos de consultoría especializada e poderán destinarse a servizos como:

- Revisión e mellora de propostas.
- Apoio na redacción técnica.
- Asesoramento sobre o axuste da proposta á convocatoria europea correspondente.
- Preparación de orzamentos e aspectos administrativos.
- Busca de socios internacionais.



Convocatoria financiada con fondos FEDER procedentes das axudas para a concesión da acreditación de excelencia e para o apoio aos centros de investigación do SUG

[Consulta aquí as Bases e Anexos para a presentación de solicitudes](#)

>>> PROGRAMA PRISMAS Y PROBLEMAS DA FUNDACIÓN BBVA



Co obxectivo de promover proxectos de investigación aplicada baseados en teorías, modelos e metodoloxías robustas, con resultados trasladables ao tratamento de cuestións de especial relevancia socioeconómica, sanitaria y medioambiental, a Fundación BBVA promove a colaboración multidisciplinar nas seguintes temáticas:

- Ciclo da auga. Restauración e protección de ríos, humedais, acuíferos e áreas mariñas.
- Masa forestal. Estado actual, conservación e xestión.
- Vivenda, cidades sostibles e mobilidade urbana.
- Desenvolvemento e avaliación de modelos de Intelixencia Artificial
- Enfermedades neurodegenerativas
- Análise socioeconómica do sistema sanitario
- Procesos migratorios. Efectos sociais, económicos, políticos e culturais. Políticas e modelos regulatorios da inmigración.

O prazo máximo de execución dos proxectos seleccionados será de 24 meses.

- Presentación de solicitudes: **ata o 31 de marzo de 2026**, ás 13:00 horas (hora peninsular)

RRHH / EQUIPO



>>> O INVESTIGADOR RODRIGO LOZANO INCORPÓRASE A ECOBAS NA UDC CUN CONTRATO BEATRIZ GALINDO

ECOBAS segue a enriquecerse coa incorporación de talento excelente. Neste comezo de ano temos a honra de compartir coa nosa comunidade o anuncio da próxima incorporación de **Rodrigo Lozano** ao noso equipo.

Adxudicatario dun contrato Beatriz Galindo, Rodrigo chega a Galicia da man da UDC, institución á que se incorporará o vindeiro 1 de febreiro como investigador distinguido senior.



Situado pola Universidade de Stanford no "World's Top 2% scientists" e cunha experiencia de máis de vinte anos traballando en ONGs, universidades e empresas, Rodrigo Lozano é experto en xestión do cambio organizacional para a sostibilidade corporativa. Neste ámbito abarca a sostibilidade e os seus enfoques pedagóxicos, arrendamento químico, calidade do aire interior e eficiencia enerxética, avaliación e informes de sostibilidade e xestión de cambios organizacionais.

Agardamos poder saudarte moi pronto nas actividades do noso centro. Benvido!!!

[Preme aquí para acceder á súa páxina de perfil de Google Scholar.](#)

>>> CARINA RODRÍGUEZ, BENVIDA DE NOVO AO EQUIPO DE XESTIÓN DE ECOBAS

Esta semana estamos tamén de noraboa pola volta da nosa compañeira Carina, tralo remate do proceso de contratación para o posto de xestión de ECOBAS ofertado a finais do ano pasado na USC -praza da que xa foro adxudicataria na anterior convocatoria, a finais de 2024-.

O seu contrato está financiado con fondos FEDER procedentes das axudas para a concesión da acreditación de excelencia e para o apoio aos centros de investigación do SUG.

Estamos felices de poder seguir contando no noso centro interuniversitario coa súa experiencia e capacitación, e confiamos en que así sexa por moito tempo. Benvinda de novo!!!



[Ligazón á documentación da convocatoria pública ordinaria 18/2025 da USC](#)

RRHH / PREDOCS



»»» ABERTO O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS

Dende onte, 13 de xaneiro, está aberto o prazo de presentación de solicitudes para optar ás axudas para a realización de proxectos de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental, nos que se enmarque unha tese de doutoramento. A natureza desta convocatoria busca favorecer a inserción laboral de persoal investigador dende os inicios das súas carreiras profesionais.

- Descrición: financiamento dos custos directos de execución do proxecto por parte da entidade beneficiaria, incluíndo os gastos derivados da contratación da persona seleccionada.
- Duración dos contratos: 4 anos.
- Entidades beneficiarias: empresas, entre as que se inclúen as «spin-off» e Jóvenes Empresas Innovadoras (JEIs), as entidades privadas sen ánimo de lucro e administracións públicas que nos seus estatutos, normativa que as regule ou obxecto social, non teñan a I+D+i entre os seus fins nin como actividade a desenvolver, que deberán poder levar a cabo un proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental destinado á transferencia de coñecemento.
- Prazo: aberto ata o 17/02/26.
- Consultas sobre a convocatoria e a aplicación de solicitudes: docind.solicitud@aei.gob.es

»»» AXUDAS PARA A FORMACIÓN DE PROFESORADO UNIVERSITARIO (FPU) 2025

O BOE do pasado 10 de xaneiro publica a convocatoria de axudas FPU no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación (PEICTI) 2024-2027.

- Obxecto: formalización de contratos predoutorais, por un máximo de catro anos (no caso dunha persoa con discapacidade, os contratos terán unha duración máxima de seis anos).
- Retribución: mínimo anual de 25.116 € en cada un dos anos da axuda.
- Prazo para presentación de solicitudes: ata o 14 de febreiro de 2026 ás 14.00 horas (horario peninsular).
- [Ligazón ao documento da convocatoria](#)

MÁIS PROGRAMACIÓN



»» O SESGO DE XÉNERO NA INTELIXENCIA ARTIFICIAL | XORNADA ESPECIAL IIF, DÍA DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA



Sabemos que a IA é unha tecnoloxía que provee importantes avances en moitos ámbitos, dende a medicina ata a educación. Pero tamén sabemos que a IA non é neutral. Aprende dos datos que recibe e, cando estes reflicten desigualdades sociais, os algoritmos poden reproducilas e mesmo amplificalas.

Con este enfoque foi elixida esta temática para a edición 2026 da iniciativa cidadá IIF que conmemora o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. ECOBAS está a traballar nesta actividade, na que abordaremos a cuestión desde a perspectiva das Ciencias Sociais, en colaboración con persoal investigador doutros centros de investigación do SUG.

Coma sempre, agradecemos o contacto e iniciativas das persoas investigadoras interesadas en achegar ideas para sumar á programación do noso centro: comunicacion@ecobas.gal

»» XXII XORNADAS SOBRE DOCENCIA DE ECONOMÍA APLICADA

A investigadora de ECOBAS **Estefanía Mourelle** foi a persoa seleccionada para organizar a XXII edición das Xornadas sobre Docencia de Economía Aplicada da Asociación Libre de Economía (ALdE), que este ano terán lugar en Caixaforum Madrid o 6 de marzo.

A innovación docente e a participación do alumnado como base para a mellora da aprendizaxe son as temáticas centrais desta convocatoria.

Datas sinaladas:

- CALL para a presentación de traballos aberta ata o **23 de xaneiro** 2026.
- INSCRICIÓNS ata o 27 de febreiro 2026.
- [Programa e detalles na web oficial](#).



»» VISITAS DE ALUMNADO DE BACHARELATO

O talento mozo interesado na investigación en Ciencias Sociais está a chamar á porta de ECOBAS. Por iso este ano activamos o programa de visitas ao noso centro, no que estaremos felices de planificar e celebrar estas sesións de portas abertas cun enfoque de achega e colaboración para o alumnado interesado en explorar esta carreira profesional.

Solicitudes: comunicacion@ecobas.gal

MÁIS COMUNIDADE



>>> 2026 CONGRESS OF THE EUROPEAN REGIONAL SCIENCE ASSOCIATION

Baixo o lema “Global Challenges and Regional Responses in a Transition Era”, a 65th edición deste congreso terá lugar do 25 ao 28 de agosto en Sofía (Bulgaria), e o noso investigador **Fernando Bruna** será chair na *special session* “**Spatial trends, spatial unit roots, spurious spatial regressions, and Regional Science**”.

- Call for abstracts: ata o **20 de febreiro** 2026, 23:59 h CET
- [Special Session Proposal](#)
- Web oficial do congreso: <https://ersa.eventsair.com/ersa2026/>

>>> **Nada de autocomplacencia, só como estímulo porque queremos seguir dando o mellor de nós...**

Compartimos con toda a nosa comunidade algunhas imaxes, ideas e sensacións recollidas no Encontro Científico ECOBAS 2025.

Dalle ao play e, se pensas que podes contribuír dalgún xeito a este gran proxecto colectivo das ciencias sociais pola sostibilidade económica, ambiental e social, contacta con nós.



ecobas@ecobas.gal

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

